

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVIOJH	<i>Expediente</i> CON/58/2011	<i>Fecha</i> 05-10-11 14:17

INTERVENCIÓN

PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES EXTERNOS PRECISOS DE CONTROL INTERNO E ELABORACIÓN DE DIAGNÓSTICO ECONÓMICO- FINANCIERO COMPLEMENTARIO ASI COMO PROYECCIÓN DA ESTRUCTURA DE GASTOS E INGRESOS DO CONCELLO DE SANTIAGO PERIODO 2012-2015

Primeira.- INTRODUCCIÓN

Vista a Memoria da Concelleira de Facenda e a de Réxime Interior , atendendo o Informe de Intervención de data 17 de agosto do 2011 á Conta xeral do Concello do exercicio 2010 , e o de data 28 de abril do 2011 da Liquidación do Orzamento do mesmo exercicio así como o informe de “Verificación de cumprimento da estabilidade e do Plan económico –financeiro 2009-2011 “ , e sendo , e visto o establecido no artigo 213 , 214 seguintes do TRLFL. en canto as funcións de control interno encomendadas por lei , a Intervención de Fondos do Concello .

Tendo en conta as bases de execución do Orzamento do exercicio 2010 en especial o establecido na base 36 e 37 das mesmas .

Tendo en conta o que dispón , entre outros, o artigo 219 do R/D legislativo 2 / 2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de Facendas locais

Sendo que foi posto de manifesto en diversos informes as funcións que asume a Intervención de Fondos no Concello de Santiago e polo tanto, non dispoñendo a Intervención de medios materiais e persoais para levar as actuacións complementarias de control interno que se definen neste prego e polo que se cree procedente a contratación dos medios auxiliares necesarios para levar a cabo os traballos de control definidos neste prego , cuxo obxectivo final será a formulación dun estudio de “Diagnóstico Económico-Financeiro complementario “ do Concello de Santiago de Compostela ca inclusión das proxeccións da estrutura de gastos e ingresos nun período de catro anualidades

Segunda .-OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto deste prego a contratación externa dos traballos auxiliares de control interno que se subliñan na cláusula terceira e na realización dun “ Diagnóstico Económico-Financeiro complementario “ do Concello de Santiago de Compostela ca inclusión das proxeccións da estrutura de gastos e ingresos nun período de catro anualidades

Os traballos de control referidos na cláusula terceira se realizan , en calidade de “ coadxuvantes “ da Intervención Xeral na realización dos servizos de control a ela reservados , de conformidade ao

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVIOJH	<i>Expediente</i> CON/58/2011	<i>Fecha</i> 05-10-11 14:17

que dispoñen os artigos 220 e seguintes do R/ D 2 / 2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas Locais

En consecuencia, a estrutura do informe e a dirección dos traballos se realizan sobre a supervisión , dirección e control da Intervención xeral do Concello , a este respecto a Intervención terá acceso aos papeis de traballo das actuacións do adxudicatario .

Os traballos de control se realizarán con arreglo , as “ Normas de Auditoría do Sector Público “ publicadas pola IGAE (Resolución 1 de setembro de 1998)

A información que se contemple nos papeis de traballo e o informe de revisión contratados non poderá ser utilizado polo adxudicatario en ningún momento salvo autorización expresa da Intervención municipal .

Terceira .- DEFINICIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR

Sobre a base dos informes existentes , e da Conta Xeral do exercicio 2010 do último exercicio liquidado, así como orzamento , modificacións e liquidación do mesmo exercicio O traballo da empresa adxudicataria , consistirá na emisión das verificacións e revisións que se subliñan a continuación que permitan a elaboración do “ informe complementario” que se sinala neste prego .

A empresa adxudicataria levará a cabo os seguintes traballos: **OBJECTO DO CONTRATO**

- 1) Revisión dos dereitos recoñecidos no estado de “ exercicios pechados “ da liquidación do exercicio 2010 que fan referencia a Transferencias correntes e de Capital pendentes de ingreso
- 2) Revisión dos dereitos recoñecidos restantes pendente de cobro no estado de” exercicios pechados” “ da liquidación do exercicio 2010 co obxecto de axustar a regulación relativa a dotación por morosidade existente, e proceder, no seu caso a depuración dos dereitos correspondentes .
- 3) Revisión do estado de situación das contas de explotación do exercicio 2010: derivados dos contratos de xestión indirecta_ que se suliñan no documento anexo I_ en relación cas obrigas contractuais e o equilibrio económico da concesión
- 4) Verificación de disfunción no circuíto de conformidade dos gastos efectivamente realizados ao efecto de detectar debilidades no cumprimento do establecido na lei 3 / 2004 de 29 de decembro .Identificación da problemática e posible cuantificación das consecuencias de dita disfunción .
- 5) Verificación de disfuncións no circuíto das actividades levadas a cabo polas diferentes centros xestores de gasto , que teñan consecuencia en futuros gastos a comprometer. Análise da adecuación dos procedementos en aras a mellora do principio de boa xestión financeira

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVIOJH	<i>Expediente</i> CON/58/2011	<i>Fecha</i> 05-10-11 14:17

- 6) Verificación de disfuncións en materia de xestión de persoal
- 7) Identificación de posibles deficiencias operativas nos ámbitos detallados anteriormente
- 8) Realización das verificacións oportunas que permitan levar a cabo a regularización do inventario contable

O contratista remitirá informes a Intervención ca súa opinión en relación coas actuacións realizadas e as súas repercusións futuras na situación económica – financeira do Concello e, neste caso, as causas que as motivan.

9) INFORME ADICIONAL AOS DE CONTROL A REALIZAR :

Os traballos descritos se complementarán ca presentación dun informe complementario que realice un análise orzamentario e económico-financieiro das magnitudes orzamentarias e financieras da entidade e a súa evolución e recollerá os seguintes extremos :

- 9.1) Evolución das previsións e dereitos recoñecidos dos cinco últimos exercicios
- 9.2) Evolución das estimacións orzamentarias e obrigas recoñecidas dos cinco últimos exercicios
- 9.3) Evolución pendente cobro e pendente de pago a 31 de decembro dos últimos cinco exercicios
- 9.4) Proxección de ingresos e gastos dos próximos catro anos . Especial referencia a gastos a devengar con motivo da adquisición por parte do Concello de bens do PMS .
- 9.5) Análise das estrutura de gastos da Entidade , plantilla e gastos de personal
- 9.6) Análise comparativo de gastos orzamentarios con base a Concellos de similares características . Propostas de actuación co obxectivo de redución do gasto

O contratista debe manter a confidencialidade da información obtida no curso das súas actuacións, tendo o deber de garantir o secreto profesional nas actuacións dos seus axudantes e colaboradores

. Cuarta.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO PROXECTO

Os traballos se levarán a cabo de acordo cas” Normas de auditoria do Sector público “ publicadas pola IGAE . Do mesmo xeito se tomará como referencia a utilización da” instrucción de 11 de xuño de 2002 “da IGAE sobre organización dos papéis de traballo en auditorias e actuacións de control financeiro

Con carácter prvio ao inicio dos traballos o Adxudicatario poñera a disposición da Intervención xeral unha “ Memoria de planificación” detallando o programa de traballo e o calendario de execución .

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONVIOJH	<i>Expediente</i> CON/58/2011	<i>Fecha</i> 05-10-11 14:17

Os papeis de traballo, e o resto da documentación de soporte que sirvan para a leboración dos informes requeridos no punto segundo deste pliego de prescripcións técnicas estarán a disposición da Intervención sempre no momento en que ésta os requira .

O adxudicatario porá a disposición do Concello para a realización do proxecto un equipo multidisciplinar de persoas que garanta a prestación do servizo en condicións óptimas e teña experiencia contrastada na realización de traballos de natureza similar en administracións públicas do noso país. .

5- DIRECCIÓN E SUPERVISIÓN DOS TRABALLOS

Os adxudicatarios actuarán en calidade de “ coadxuvantes “ da Intervención Xerla na realización das un Director de Proxecto que manterá a interlocución coa persoa designada polo Concello para a dirección dos traballos e a inspección, comprobación e seguimento do desenvolvemento do mesmo, así como outras funcións que lle asigne o órgano contratante.

Con obxecto de conseguir unha óptima organización e xestión do proxecto, a empresa adxudicataria deberá reflectir na súa oferta a composición concreta e detallada do equipo de traballo, a súa organización e responsabilidades no ámbito do proxecto e o detalle de traballos de natureza similar do equipo directivo no subsector público Local e no resto das Administracións Públicas ,así como os procedementos básicos que se establecerán como mecanismos de organización, planificación, xestión e seguimento do proxecto.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2011.

A INTERVENTORA XERAL

Asdo : INMACULADA VIÑA CARREGAL

Dependencia
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios
54.- PLOBA

Documento	Expediente	Fecha
CONVICI	CON/58/2011	05-10-11 14:17

Anexo I

Xestión indirecta de servizos públicos

Os concesionarios e servizos que se prestan a través de xestión indirecta son os seguintes

CONCESIONARIO	OBXECTO DE CONCESION	DURACIÓN	IMPORTE*
AQUAGEST, SA	ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO	Hasta 2.019	Tarifas do servizo
SETEX APARKI, SA	ORA E GRUA	HATA 1.2.2009 (PRORROGABLE 4 AÑOS MAS)	O canon anual a ingresar ao Concello pola concesionaria é do 16% sobre a recadación neta da ORA o que equivale a un 13,79% sobre a recadación bruta da mesma
MONFOBUS, SL	XESTION MERCADO DE GANDO	25 años, hasta 11-11-2.022	Canona ingresar no Concello 48.080'97 euros incrementados a partir do 5º ano co 10% dos ingresos.
TANATORIO SAN LAZARO, SL	EXPLOTACION DO TANATORIO MUNICIPAL	65 AÑOS A CONTAR DESDE OCTUBRE DE 2000	O canon anual a ingresar ao Concello pola concesionaria é do 10% dos beneficios
MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO, SCG	XESTION DO MERCADO DE ABASTOS	25 AÑOS IMPRORROGABLES (HASTA XULLO 2025)	O canon a ingresar no Concello anual é de 1% do resultado positivo obtido na explotación do concurso.
XADE	Licitación para captar capital privado y poder crea una sociedad mixta DEPORTIVA	15-6-2001. Durante 15 anos	O canon a ingresar ao Concello é do 10 % dos beneficios